



ASUNTO: Convocatoria **Cursos de Verán** na EMAO xullo 2017
Expte. 230/613

Dentro da programación prevista no Plan de Estudos da Escola Municipal de Artes e Oficios (PEMAO15), faise a seguinte **convocatoria** de cursos **monográficos de verán** a desenvolver no mes de xullo de 2017, dirixidos ás persoas interesadas, que cumpran os requisitos fixados e que **non estean matriculadas no presente curso 2016-2017 na EMAO:**

Aula de Debuxo: “O DEBUXO DAS PREGADURAS QUE FORMAN AS TEAS”

Impartido por Federico Fernández, mestre da especialidade na EMAO

Destinatarios: Persoas interesadas na práctica do debuxo, que non estean matriculadas na EMAO no curso 2016-17

Datas: do 10 ao 21 de xullo, de 10:00 a 13:00 horas

Inscripción ata o 30 de xuño

Duración: 30 horas

Número de prazas: 15

Programa:

Presentación: Centrarase na observación e o debuxo de teas e pregaduras. Ao longo da historia da arte moi diversos artistas, desde os iluminadores dos códices románicos, pasando polos grandes pintores barrocos ata chegar ós expresionistas e os fauvistas das vangardas, enfrontáronse de diversos xeitos á representación das teas e as pregaduras que xeran. Un exemplo fascinante de como un obxecto cotián pode chegar a ser un pretexto para facer un estudio de debuxo interesante son as almofadas debuxadas por Durerero. Unha almofada, mullida e situada en diversas posicións ou unha tea branca pousada enriba dunha silla ofrece grandes posibilidades para estudar as pregaduras, as liñas e as sombras, debuxando primeiro o desenvolvemento das pregaduras principais e orquestando sobre elas a forma e o claroscuro.

Con este curso trátase, pois, de facer un achegamento básico ao debuxo das pregaduras que forman as teas mediante a observación e a súa plasmación sobre o papel.

Obxectivos:

- Analizar debuxos e pinturas de teas e ropaxes realizados por diversos artistas da historia da arte.
- Coñecer as técnicas cas que abordar os debuxos de teas e pregaduras que realizaremos.
- Coñecer os elementos gráficos do debuxo.
- Utilizar os recursos gráficos axeitados para a representación de pregaduras e teas.

Contido:

- Unha mirada á historia da representación gráfica das teas e pregaduras, desde o Románico ata o século XX. Exemplos.
- A linguaxe gráfica básica do punto e a liña. A trama . Os degradados.
- A linguaxe gráfica básica da mancha. O claroscuro.
- Estudio e observación das pregaduras e das teas a partir de debuxos de láminas.
- Aplicación práctica dos recursos gráficos utilizando debuxos de láminas como modelo.
- Estudio e observación das pregaduras e teas con escenarios reais.
- Aplicación práctica dos recursos gráficos utilizando escenarios reais.

Material a aportar polo alumnado: indicárase na primeira sesión do curso. Estímase que a súa adquisición costará aproximadamente 10 euros.

O resto do material, ferramenta e maquinaria que se é o caso fose necesaria, será aportado pola EMAO.

Aula de Deseño e Encaixe de Palillos: “ENCAIXE DE CINTA (ENCAIXE DE VOLOGDA) PARTE II”

Impartido por Marian Núñez, mestra da especialidade na EMAO

Destinatarios: Alumnado que rematara a especialidade de Deseño e Encaixe de Palillos. Terán preferencia os que fixeran a Parte I



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 19/06/2017 13:03

Páxina 1 de 6

Expediente 230/613

Código de verificación: 2EEE4-23DEE-3B552-34CEC

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



deste curso monográfico no ano 2016.

Datas: do 10 ao 21 de xullo, de 10:00 a 13:00 horas

Inscripción ata o 30 de xuño

Duración: 30 horas

Número de prazas: 15

Programa:

Presentación:

Trátase de facer un achegamento ao deseño e técnica de cinta da zona rusa de Vologda, mediante a realización dunha peza relacionada con esta cinta, executando distintas partes de cinta correctamente e aplicándolle distintas cores, empregando correctamente as distintas fibras de traballo.

Contido:

- Deseñar unha peza de cinta.
- Axustar o material ao deseño.
- Adecuar o material (liño, seda, algodón) á escala de traballo.
- Obter unha peza cun deseño específico de encaixe ruso.

Material a aportar polo alumnado:

Almofada plana circular

Palillos mallorquíns

Diferentes fíos.

Alfinetes

Ganchillos.

Libreta de apuntes curso anterior

(e demais utensilios para a realización do traballo)

O resto do material, ferramenta e maquinaria que se é o caso fose necesaria, será aportado pola EMAO.

Aula de Moda e Confección/Aula de Serigrafía artística: "ESTAMPACIÓN E CONFECCIÓN TÉXTIL"

Impartido por Emma Pintos e Alba Pardo, mestras das especialidades na EMAO

Destinatarios: Persoas con coñecementos demostrables das especialidades. Terán prioridade os/as ex-alumnos/as de Moda e Confección ou de Serigrafía Artística da EMAO.

Datas: do 12 ao 21 de xullo, de 10:00 a 14:00 horas

Inscripción: ata o 30 de xuño

Duración: 30 horas (1ª sesión 2 horas)

Número de prazas: 15

Programa:

Presentación:

Curso de interdisciplinaridade entre os obradoiros de Serigrafía Artística e Moda e Confección, no que se explora a posibilidade de confeccionar prendas con tecidos estampados artesanalmente. Na primeira sesión farase unha presentación do curso por parte das mestras dos obradoiros e haberá unha charla introductoria de **Natalia Moreno**, deseñadora de estampados textís.

Contido:

Serigrafía (14 horas no obradoiro)

- *Preparación da pantalla serigráfica.*
- *Emulsionado, insolado, revelado e secado.*
- *Estampación sobre tecido.*

Moda (16 horas no obradoiro)

- *Adaptación de padróns base.*
- *Corte de tecidos.*
- *Montaxe de prendas básicas.*
- *Remate e acabados das prendas.*

Material a aportar polo alumnado:

- 1 libreta cuadriculada A4
- 1 Lapiz 2B



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 19/06/2017 13:03

Páxina 2 de 6

Expediente 230/613

Código de verificación: 2EEE4-23DEE-3B552-34CEC

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



- Rotulador negro de punta fina
- Cuter
- Cinta de embalaxe
- Cinta de carroceros
- Celo
- Regla de 50cm
- Cinta métrica
- Agullas e alfileres
- Dedal
- Tesoira para tela
- Xiz para tela (non branca)

O resto do material, ferramenta e maquinaria que se é o caso fose necesaria, será aportado pola EMAO.

Aula de Artesanía en coiro: "INTRODUCCIÓN AO LABRADO"

Impartido por Pepe Pereira, mestre da especialidade na EMAO

Destinatarios: Prioridade para persoas que remataran a especialidade de Artesanía en Coiro da EMAO e persoas con coñecementos básicos demostrables.

Datas: do 10 ao 21 de xullo, de 10:00 a 13:00 horas

Inscripción ata o 30 de xuño

Duración: 30 horas

Número de prazas: 15

Programa:

Presentación:

O labrado, técnica decorativa que tanto pulo ten nestes días, ten unha orixe ibérica e aquí acadou unha gran importancia, con Hernán Cortés cruzou o Atlántico e nos últimos anos vén de volta cun ritmo moi forte.

Con este curso pretendemos introducirmos na orixe histórica desta técnica e nas súas variantes técnicas incisado e gubiado, os diferentes tipos de mateadores que se empregan e os efectos que con eles se poden conseguir.

Afondaremos tamén nos diversos estilos que hoxendía teñen máis difusión e coñeceremos aos seus autores máis coñecidos.

Contido:

- Presentación histórica da técnica e as ferramentas para aplicala.
- Diferenciación do labrado co repuxado e o estampado
- O incisado. E Labrado invertido.
- Modelado.
- Labrado Xeométrico, e en Cesta.
- Labrado Floral.
- Labrado de Nudos.
- Follas de Carballo e Landras.
- Plumas.
- Labrado Mixto.

Material a aportar polo alumnado:

- Burís, vaquetilla en pasta, bisturí e coitelas xiratorias no caso de que as teñan

O resto do material, ferramenta e maquinaria que se é o caso fose necesaria, será aportado pola EMAO.

Aula de Talla e Escultura en madeira: "GRAVADO EN RELEVO: XILOGRAFÍA"

Impartido por Rosa García, mestra da especialidade na EMAO

Destinatarios: alumnado que rematara os estudos de talla e escultura en madeira en calquera ano.

Datas: do 10 ao 21 de xullo, de 10:00 a 13:00 horas

Inscripción ata o 30 de xuño

Duración: 30 horas

Número de prazas: 12

Programa:



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 19/06/2017 13:03

Páxina 3 de 6

Expediente 230/613

Código de verificación: 2EEE4-23DEE-3B552-34CEC

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>


Presentación:

Este curso propón formar e potenciar o desenvolvemento plástico do alumnado no campo da arte gráfica orixinal, a partir das técnicas del gravado en relevo.

- Que o alumno/a comprenda e sexa quen de desenvolver unha visión do gravado como medio de expresión artística.
- Coñecer os fundamentos e a evolución histórica do gravado.
- Coñecer os distintos sistemas de impresión.
- Coñecemento e dominio das técnicas e procesos propios do gravado en relevo e xilográfico.

Os coñecementos expoñeranse por medio de clases teórico-prácticas; de forma xeral e individual segundo requírao o traballo en cada momento. As clases terán un soporte audiovisual a partir de recursos na web; comentaranse matrices e estampas orixinais; así como distintas obras de artistas actuais. AVALIACIÓN Será avaliación continua do traballo realizado polo alumno, a súa actitude e aptitudes no taller, así como a súa asistencia. O alumno deberá elaborar un portafolio onde conste unha memoria do traballo na aula e das actividades realizadas dentro e fóra desta; unha reflexión persoal e valoración do aprendido no curso, así como novas propostas.

Contido:

- A obra seriada, principios xerais: Clasificación das técnicas gráficas de gravado e estampación Iniciación aos conceptos de gravado e estampación.
- O monotipo. A imaxe impresa non seriada.
- O gravado en relevo: Antecedentes históricos. A xilografía ao longo da historia. materiais , procesos e infraestruturas. O linogravado - Procesos de creación do gravado en relevo, cunha soa plancha. - Procesos de creación do gravado en relevo, con varias planchas.
- A Xilografía.
- Técnicas aditivas: O collagraph
- O gravado matérico.

Material a aportar polo alumnado:

- Planchas-matrices, papeis de gravado, materiais para técnica aditiva

O resto do material, ferramenta e maquinaria que se é o caso fose necesaria, será aportado pola EMAO.

Aula de Encadernación: "ROTULADO DE LIBROS"

Impartido por Pablo Otero, mestre da especialidade na EMAO

Destinatarios: Persoas que remataran os estudos de Encadernación na EMAO en calquera ano

Datas: do 10 ao 21 de xullo, de 10:00 a 13:00 horas

Inscripción: ata o 30 de xuño

Duración: 30 horas

Número de prazos: 10

Programa:
Presentación:

Rotular libros coas tipografías adecuadas para mellorar a presentación dun libro

Contido:

- Composición tipográfica.
- Elaboración de plantillas.
- Posicionado e marcado no libro.
- Gofrado.
- Utilización de películas de colres e ouro.

Material a aportar polo alumnado:

- Libros para rotular

O resto do material, ferramenta e maquinaria que se é o caso fose necesaria, será aportado pola EMAO.

Aula de CAIM Construción Zanfona: "TÉCNICA DE CALADO . CORTE CON SEGUETA DE MARQUETERÍA"


Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 19/06/2017 13:03

Páxina 4 de 6

Expediente 230/613

Código de verificación: 2EEE4-23DEE-3B552-34CEC

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Impartido por Xaime Rivas, mestre da especialidade na EMAO

Destinatarios: Persoas interesadas en xeral

Datas: do 10 ao 21 de xullo, de 10:00 a 13:00 horas

Inscripción: ata o 30 de xuño

Duración: 30 horas

Número de prazas: 15

Programa:

Presentación:

O obxectivo do curso é adquirir as habilidades e competencias necesarias para efectuar corte con segueta de marquetería con calidade.

Contido:

- Prácticas con serra de corte frontal sobre taboleiro contrachapado
- Construción dun obxecto concreto a suxestión do alumno/a ou do mestre.

Material a aportar polo alumnado:

- Cadernos de deseños para marquetería
- Arco de marquetería grande

O resto do material, ferramenta e maquinaria que se é o caso fose necesaria, será aportado pola EMAO.

CONDICIÓNS COMÚNS A TÓDOLOS CURSOS

Duración curso: 30 horas

Prazas limitadas: véxase o número máximo para cada curso

Inscripción:

Gratuíta. Mediante envío de correo electrónico ao enderezo emao@vigo.org, cos seguintes datos (imprescindibles)

- Asunto: [nome do curso]
- Nome e apelidos do/a solicitante:
- DNI:
- Anos nos que cursou estudos da especialidade na EMAO: [no caso en que sexa condición ou se teña prioridade por telos cursado para acceder ao monográfico seleccionado]

Admisión de solicitudes:

- Non poderán inscribirse as persoas que estean matriculadas na EMAO no curso 2016-217
- Só se admiten persoas maiores de 16 anos.
- Só serán válidas as solicitudes que cumpran as condicións indicadas nesta convocatoria para cada curso monográfico en concreto
- A inscrición farase, trala aplicación das prioridades que se indican en cada curso, por estricte orde de recepción do correo electrónico de solicitude ata cubrir o máximo de prazas ofertadas.
- A confirmación da matrícula realizaráa a EMAO exclusivamente por correo electrónico. No caso de producírense vacantes no primeiro día do curso, convocarase aos reservas

RO/

Vigo, na data rexistrada na sinatura dixital



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 19/06/2017 13:03

Páxina 5 de 6

Expediente 230/613

Código de verificación: 2EEE4-23DEE-3B552-34CEC

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



A XEFA DO SERVIZO DE EDUCACIÓN
M^a José Loureiro Bada

CONFORME
A CONCELLEIRA DELEGADA DE EDUCACIÓN
Olga Alonso Suárez

